

Bos días [nen@s](#) de Infantil:

Esta semana vou mandar actividades interactivas de repaso co traballado neste trimestre. Espero que vos gusten.

As actividades son para todo os **nenos e nenas de 3,4 e 5 anos**.

Estas actividades fanse no ordenador e despois abaixo hai un botón que pon **FINISH!** e ao premer sae unha opción que pon **check my answers** e podeades comprobar como vos foi a actividade. Moita sorte!!

Fruit Monster. Preme en cada monstro e escoita que froita lle gusta, despois arrastra esa froita á boca do monstro.

[https://www.liveworksheets.com/worksheets/en/English_as_a_Second_Language_\(E_SL\)/Fruits/Fruit_Monsters_\(Listen-Drag-Drop\)_sc230571vm](https://www.liveworksheets.com/worksheets/en/English_as_a_Second_Language_(E_SL)/Fruits/Fruit_Monsters_(Listen-Drag-Drop)_sc230571vm)

Vegetables. Tes que premer encima do altavoz e marcar a verdura que nombra.

[https://www.liveworksheets.com/worksheets/en/English_as_a_Second_Language_\(E_SL\)/Vegetables/Vegetables_2_-_4_year_old_s_jb438675po](https://www.liveworksheets.com/worksheets/en/English_as_a_Second_Language_(E_SL)/Vegetables/Vegetables_2_-_4_year_old_s_jb438675po)

Food Tes que unir cada frase coa imaxe correspondente

[https://www.liveworksheets.com/worksheets/en/English_as_a_Second_Language_\(E_SL\)/Food/Food_-_Read_and_match_js38355du](https://www.liveworksheets.com/worksheets/en/English_as_a_Second_Language_(E_SL)/Food/Food_-_Read_and_match_js38355du)

Wild Animals. Hai que premer no altavoz e elixir o animal que escoitas. Facede só a primeira páxina.

[https://www.liveworksheets.com/worksheets/en/English_as_a_Second_Language_\(E_SL\)/Animals/ANIMALS_uj1520lh](https://www.liveworksheets.com/worksheets/en/English_as_a_Second_Language_(E_SL)/Animals/ANIMALS_uj1520lh)

Farm Animals Hai que premer no altavoz e unir co lapis co animal de granxa que escoita.

[https://www.liveworksheets.com/worksheets/en/English_as_a_Second_Language_\(E_SL\)/Farm_animals/Farm_animals_jf172872lr](https://www.liveworksheets.com/worksheets/en/English_as_a_Second_Language_(E_SL)/Farm_animals/Farm_animals_jf172872lr)

Pets. Tedes un vídeo que fala sobre as mascotas e despois tedes que arrastrar os nomes dos animais debaixo de cada imaxe.

[https://www.liveworksheets.com/worksheets/en/English_as_a_Second_Language_\(E_SL\)/Animals/PETS_\(with_video\)_drag_and_drop_exercise_qc587pt](https://www.liveworksheets.com/worksheets/en/English_as_a_Second_Language_(E_SL)/Animals/PETS_(with_video)_drag_and_drop_exercise_qc587pt)

Para rematar unha canción sobre a primavera e que é tan bonita que me da pena non pasárvola

Preme no seguinte enlace. A canción titúlase **It's Spring time**. É tempo de primavera

<https://www.youtube.com/watch?v=QdBbBZkITxA>

A segunda parte da canción é versión karaoke, anímovos a todos a cantar!!!

Como sei que lles gusta facer **actividades** vou facer dúas propostas, que como sempre son opcionais:

Despois de ver a canción sobre primavera que debuxen nun folio o que representa para eles a primavera, poden debuxar flores, bolboretas, paxaros, árbores o que a súa imaxinación queira. Flowers, butterflies, birds, trees. Póñede de título **SPRING**

Podédeslle preguntar What's this? It's a flower. Beautiful !! What colour?....

Que é isto? É unha flor , que bonita de que cor é?

Para a segunda actividade mando un adxunto para imprimir e seguir instrucións.

1- Repasa a liña desde a bolboreta ata a flor

2- Colorea o poliño amarelo

3- Colorea a ra verde

4- colorea a abella.

5- Colorea a ovella

6- Corta e pega o coelliño entre a ovella e o poliño

7- Colorea e pega a bolboreta á esquerda da ra

8- Colorea e pega a flor á dereita da abella

O que non indica como colorear que o coloreen como queiran ou dádelle vós instrucións.

Grazas pola vosa colaboración sen vós non se poderían facer as clases.

Espero que disfrutedes coas actividades. Pasade unha boa semana e moito ánimo que xa pronto todos estamos de vacacións!!!